

## O día internacional da muller e o PP



Sabiades que os Servizos Sociais de Redondela tiñan programada unha exposición na sala II do Multiusos da Xunqueira polo Día Internacional da Muller? Esta exposición estaba programada do 2 ao 31 de marzo. Alguén se achegou a vela? Pois se non fostes, non o fagades. O equipo de goberno preferiu adiar esta exposición para poñer unha sobre “EL EJÉRCITO DEL AIRE. Una visión histórica”.

Parécenos ben que un redondelán que acadou éxito no exercicio da súa carreira poida ter a oportunidade de contarlle aos/ás veciños/as da vila a súa visión do exército.

Non nos parece ben que, para isto, se modifique no último momento a programación previa, que incluía a citada exposición adicada ás mulleres e á loita polos seus dereitos, e que estaba encadrada na celebración do Día da Muller Traballadora. E para máis “inri” sendo esta substituída por unha exposición que fomenta o militarismo e onde están representados varios golpistas, responsables directos e indirectos de milleiros de mortes.

Era necesario e oportuno facer esta substitución? A Agrupación de Electores de Redondela (AER) ten unha resposta clara: NON

P.D.- Calculamos que a exposición sobre o Día Internacional da Muller poderá visitarse o 12 ou o 13 deste mes. A exposición militar acaba o 10.